

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O GRUPO EL PROGRESO PARA A XERACIÓN DE RECURSOS DIXITAIS ACCESIBLES PROCEDENTES DO ESCANEO E TRATAMENTO BIBLIOGRÁFICO DAS PUBLICACIÓNS *EL PROGRESO* e *DIARIO DE PONTEVEDRA* E DESTINALOS A SÚA INTEGRACIÓN NO REPOSITORIO DE GALICIANA-BIBLIOTECA DIXITAL DE GALICIA**

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

**DECLARA:**

Que esta Consellería ten previsto formalizar co Grupo El Progreso o convenio arriba referido por un período de vixencia máximo de un (3) anos, que empezará a contar dende a súa sinatura.

Que o convenio ten por obxecto a creación e integración en Galiciana-BDG de recursos dixitais accesibles procedentes da dixitalización sistemática e da asignación de metadatos de novos números das publicacións *El Progreso* e *Diario de Pontevedra* depositadas na sede do xornal *Diario de Pontevedra*, na Biblioteca de Galicia e na Biblioteca Pública de Pontevedra, coa finalidade de mellorar o acceso ao contido das ditas publicacións e lograr a súa preservación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- Galiciana-BDG, impulsada pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Dirección Xeral de Cultura, ten como un dos seus principais obxectivos a conservación e difusión do patrimonio hemerográfico galego.





- Un dos obxectivos de Galiciana-BDG é tratar de completar dixitalmente as coleccións de prensa histórica galega para tratar de ofrecer aos usuarios a información máis completa posible e facilitarlles un punto único de acceso.
- Reducir a manipulación e o uso de materiais orixinais fráxiles ou utilizados intensivamente e crear unha "copia de seguridade" para o material deteriorado como o da prensa histórica é unha das prioridades de todo proxecto de dixitalización.
- O Grupo El Progreso é a persoa xurídica titular dos dereitos de propiedade intelectual das publicacións *El Progreso* e *Diario de Pontevedra*. Como tal correspóndelle o dereito exclusivo da explotación da obra, sen máis limitacións que as establecidas no Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia, modificado pola Lei 21/2014, de 4 de novembro e pola Lei 2/2019, do 1 de marzo, para a incorporación ao ordenamento xurídico español da Directiva 2014/26/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014 e a Directiva (UE) 2017/1564 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de setembro de 2017.
- As dúas cabeceiras obxecto deste convenio son fontes de información de referencia, non só para as súas respectivas provincias, senón tamén para toda a Comunidade Autónoma xa que son dúas das publicacións periódicas diarias galegas aínda vivas máis lonxevas.
- Unha parte importante da colección do xornal *El Progreso* xa foi obxecto dun proceso de dixitalización sistemática impulsado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, que deu como resultado o acceso a través da Biblioteca Virtual de Prensa Histórica dos números publicados entre 1 de setembro de 1908 (Ano-I Número 14) e o 31 de decembro de 1940 (Ano XXXIII-Número 13.892). No ano 2019 a Consellería impulsou un novo proceso de dixitalización sistemática sobre os números desta cabeceira que permitiu dar acceso a través de Galiciana-BDG ao rango cronolóxico que vai desde 1941 a 1968. Durante o ano 2023 levouse a cabo un novo proxecto de dixitalización por parte da Consellería no que se pasaron a formato dixital os números publicados durante o período comprendido entre o 01/01/1969 e o 31/05/1975. Durante o período de vixencia deste convenio preténdese levar a cabo novos proxectos de dixitalización





sobre este xornal, no que se transformarán a formato dixital os números publicados entre o 01/05/1975 ata o 31/12/1981.

- En canto ao *Diario de Pontevedra*, durante o ano 2017 tamén se levou a cabo un proxecto de dixitalización por parte da Consellería, no que se dixitalizaron os números publicados durante o período comprendido entre o 16/04/1897 e o 27/02/1939. Preténdese agora impulsar novos proxectos de dixitalización amparados por este convenio que permitan transformar a dixital os números publicados desde o 05/09/1963 ata o 07/06/1967 (II época) e desde abril de 1968 ata o 31/12/1976 (III época).
- O Grupo El Progreso posúe na sede do xornal Diario de Pontevedra (Lepanto, 5 – 36001) unha das coleccións máis completas en papel existentes na nosa comunidade deste xornal de interese para Galicia. Existen outras dúas coleccións na Biblioteca de Galicia e na Biblioteca Pública de Pontevedra, esta última moi deteriorada polo uso, o que fai conveniente que na medida do posible se utilicen prioritariamente as outras dúas coleccións, reservando os números da colección da Biblioteca Pública de Pontevedra unicamente cando non existan eses números nas outras coleccións. En canto a *El Progreso*, utilizarase para a dixitalización deste xornal a colección da Biblioteca de Galicia no rango cronolóxico que vai desde o 01/05/1975 ata o 31/12/1981.
- A incorporación deste novo proxecto a Galiciana-BDG permitirá incrementar os contidos da hemeroteca da biblioteca dixital de Galicia, proporcionando un mellor servizo a investigadores e estudosos.
- Levar adiante un proceso de dixitalización e incorporación a Galiciana-BDG de todos os números publicados en papel dos xornais *El Progreso* e *Diario de Pontevedra* melloraría os servizos para os usuarios en xeral, proporcionando un acceso de maior calidade aos recursos da Consellería en relación coa educación, a formación continua e a investigación da nosa historia durante o século pasado.
- O proxecto de dixitalización das publicacións *El Progreso* e *Diario de Pontevedra* cumpriría con todos os requisitos para incrementar a colección de Galiciana-BDG e lle permitiría unha difusión máis ampla grazas a participación de Galiciana nos proxectos de Hispana e Europea.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase dixitalmente esta memoria en Santiago de Compostela

O director xeral de Cultura  
Anxo M. Lorenzo Suárez

